

ANEXOII

Modelo de certificado para o persoal das administracións públicas de Galicia

D. / D^a,

CERTIFICO:

Que D. / D^a, con DNI nº, domiciliado/a en, de, na actualidade presta os seus servizos profesionais en, desempeñando o cargo de

Certifico, así mesmo, que o/a Sr. / Sra. se encontra actualmente en situación (1) como (2)

Tamén certifico (3) que o/a interesado/a realiza tarefas vinculadas directamente co urbanismo no seu traballo habitual.

E para que así conste ante a Escola Galega de Administración Pública, para os efectos da admisión do/da Sr./Sra. no Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2007 convocado pola EGAP no DOG nº, do día, expido o presente certificado en o de de 200..

Visto e praxe.

O / a

(1) Servizo activo / servizos especiais / excedencia forzosa (indicar a opción que corresponda).

(2) Indicar o grupo a que pertence entre os seguintes casos: funcionariado, persoal interino ou persoal laboral da Administración que corresponda.

(3) Engadir este parágrafo só se proceder.

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

*Resolución do 15 de decembro de 2006
pola que se anuncia convocatoria pública
de axudas e subvencións ao sector escénico
e musical para o ano 2007.*

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) é un organismo autónomo de carácter comercial, creado como servizo público de promoción cultural que ten por obxecto o desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das artes escénicas e musicais, segundo o previsto no artigo 8 da Lei 4/1989, do 21 de abril, pola que se crea o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro) e 5 do Decreto 107/1993, do 12 de maio, de desenvolvemento da lei antedita; podendo realizar a este teor cantas actividades comerciais e industriais se requiran para o logro dos seus obxectivos, mesmo mediante a realización para estes efectos «de coproducións ou celebración de convenios e concertos con empresas artísticas de carácter profesional» (artigo 9 c) da Lei 4/1989, e 6 c) do Decreto 107/1993), así como «celebrar convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia» e, en xeral, «realizar accións de fomento e difusión das artes escénicas e musicais, así como calquera outra iniciativa ou acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen» (artigo 9, alíneas h), i) e j) da devandita lei, e 6 h), i) e j) do dito decreto de desenvolvemento).

A política do IGAEM ten unha dobre peculiaridade, en canto que promoción da cultura de Galicia en materia de artes escénicas e musicais e en canto

que servizo público aos cidadáns de fomento do acceso á cultura. En calquera destas vertentes, a consecución dos seus fins está condicionada pola creación dunha industria galega do teatro, a danza e a música innovadora e competitiva. Por este motivo, as liñas de actuación do IGAEM deben prestar unha especial atención ao apoio e ao crecemento e consolidación das empresas do sector, e á constitución dun mercado das artes escénicas e musicais amplo e dinámico. No exercicio 2006 establecíanse oito liñas directrices da normativa reguladora das axudas e subvencións, entre as que destacaban a potenciación das políticas públicas de fomento das artes escénicas e musicais, mediante o incremento do esforzo investidor do IGAEM, a apertura das convocatorias de axudas e subvencións ás empresas e creadores do ámbito da música e a danza, o tratamento do teatro e do conxunto das artes escénicas como industria cultural, a atención á creación de emprego estable e de calidade no sector das artes escénicas, a valoración especial da creación de autores galegos actuais, o apoio á distribución exterior da produción escénica e musical, o establecemento dunha nova liña de axudas destinada a contribuír á mellora das dotacións técnicas das salas da «Rede Galega de Teatros e Auditorios» e a articulación mediante convocatoria pública de subvencións das liñas de apoio á actividade asociativa, universitaria e non profesional no eido das artes escénicas e musicais.

Coa convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o exercicio 2007 preténdese dar continuidade ao marco de apoio ao sector establecido no pasado ano 2006. Con esta finalidade introdúcese na convocatoria algunhas modificacións que pretenden asegurar un mellor desenvolvemento das

súas principais liñas directrices. Entre estas propostas de mellora pódense destacar as seguintes:

1. A introdución da figura das subvencións bianuais, que dan lugar ao cambio do concepto orixinario de axuda á produción á denominación de «axuda á actividade escénica», e contribúen á estabilidade do tecido produtivo.

2. A continuidade do esforzo orzamentario en materia de axudas á produción ou á actividade escénica, que se incrementan nun 22%, pasando de 785.000 euros a 960.000 euros.

3. A creación da figura dos proxectos conxuntos, que promoven a cooperación entre empresas de artes escénicas para a abordaxe conxunta de proxectos de produción e distribución.

4. A configuración definitiva das axudas á distribución como medida de fomento da proxección exterior da nosa produción escénica e musical.

5. A desaparición das axudas á actividade universitaria e non profesional, que quedan integradas dentro das medidas de apoio e fomento da actividade escénica e musical da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia.

6. A contabilización nos baremos das axudas á actividade escénica, cun peso máximo do 7% da puntuación global, dos niveis de asistencia e da avaliación da satisfacción dos públicos como criterios de baremación das solicitudes de subvención, introducindo a información sobre a resposta dos públicos como elemento de avaliación dos proxectos.

Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, o Consello Reitor do IGAEM aprobou na súa xuntanza do 14 de decembro de 2006, a convocatoria pública de axudas e subvencións ao sector escénico e musical para o exercicio 2007, de acordo coas seguintes bases:

Capítulo I

Ámbito e réxime de axudas

Primeira.-Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación.

1. A presente resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais -modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro-, ten por obxecto fixar as bases, en réxime de concorrencia competitiva, que regularán o réxime de axudas e subvencións establecidos polo IGAEM para contribuír ao mantemento e consolidación do teatro, da danza e da música, a través da potenciación das diversas actividades que se desenvolvan nestes sectores, dentro do marco das competencias deste organismo; procedéndose á súa convocatoria para o presente ano 2007.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de

Galicia para o ano 2007; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e nesta resolución; e, con carácter supletorio, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Segunda.-Beneficiarios.

1. Dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas condicións e criterios que se establecen nas presentes bases, poderán acceder a estas axudas as persoas físicas e xurídicas que cumpran cos requisitos que aparecen recollidos e referidos no artigo 13 da Lei 38/2003, así como cos específicos que se sinalan nesta resolución para cada modalidade de axuda.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que concorran algunha das prohibicións que se establecen nos termos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. En todo caso, os solicitantes presentarán unha declaración responsable de non estar incurso en tales circunstancias, consonte co modelo establecido no anexo II desta convocatoria.

Capítulo II

Modalidades de axuda: normas xerais

Terceira.-Réxime regulador, modalidades de axuda, imputación de créditos e contía de cada modalidade.

1. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase a través do réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración fixados na presente convocatoria para cada tipo ou modalidade de axuda.

2. As axudas convocadas imputaranse con cargo ao crédito que se sinala e a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. O seu pagamento financiarase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

3. As modalidades de axuda que comprende a presente convocatoria son as que seguen:

A. Axudas á actividade escénica.

A.1. Axudas á nova creación.

A.2. Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques.

A.3. Axudas á actividade escénica no ámbito da danza.

B. Axudas á distribución (3 vertentes).

C. Axudas ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios.

D. Axudas a salas de teatro e artes escénicas privadas.

E. Axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais.

F. Axudas ao estudo e á investigación (4 vertentes).

4. O importe global máximo das axudas anteriormente detalladas será de 1.569.800 € (un millón cincocentos sesenta e nove mil oitocentos euros); suma que irá con cargo ás aplicacións orzamentarias 12.90.432B.770.0 (no suposto da modalidade A), 12.90.432B.470.0 (no suposto das modalidades B e D), 12.90.432B.760.0 (no suposto da modalidade C), 12.90.432B.481.0 (no suposto da modalidade E), e 12.90.432B.480.0 (no suposto da modalidade F) do exercicio de gastos do IGAEM, previstos inicialmente para o vixente período orzamentario. Estas contías están recollidas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, teñen carácter anual e constitúen o importe global das aplicacións para o financiamento da presente convocatoria de axudas.

5. O importe global máximo previsto no punto anterior distribuirase entre as referidas modalidades de axuda, asignándose-lles as seguintes contías máximas:

A. Para as axudas á actividade escénica, 960.000 €. Esta cantidade, á súa vez, distribuirase entre os distintos tipos de axuda á produción do xeito que segue:

A.1. Axudas a producións de nova creación: 60.000 €.

A.2. Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques: 780.000 €.

A.3. Axudas á actividade escénica no ámbito da danza: 120.000 €.

B. Para as axudas á distribución, 215.000 €.

C. Para as axudas ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios, 120.000 €.

D. Para as axudas a salas de teatro e artes escénicas privadas, 120.000 €.

E. Para as axudas ao asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, 90.000 €.

F. Para as axudas ao estudo e á investigación, 64.800 €.

Capítulo III

Procedemento: solicitudes, valoración e xustificación

Cuarta.-Inicio do procedemento: solicitudes e presentación das instancias.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixíranse á Xerencia do IGAEM, deberán axustarse ao modelo publicado no anexo I desta resolución,

debeno acompañarse así mesmo dos anexos que correspondan a cada tipo e modalidade de axuda. Poderán presentarse nos servizos, rexistros e oficinas correspondentes das comunidades autónomas, conxuntamente co establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa disposición adicional 18ª.

2. Quen opte por presentar a súa solicitude nun rexistro diferente ao do IGAEM, deberá comunicalo e así mesmo anunciar a este instituto o envío da solicitude mediante fax, telefax ou telegrama no mesmo día da súa remisión, -antes, en todo caso, do remate do prazo de presentación-. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a solicitude, de ser recibida no IGAEM con posterioridade á data de remate do prazo.

3. As presentes bases, así como as solicitudes e os anexos que a acompañan, estarán dispoñibles nas dependencias do IGAEM, quedando á súa vez expostas no taboleiro de anuncios deste instituto.

Quinta.-Prazos para a instrución e tramitación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes -sen prexuízo das especificidades propias de cada modalidade de axuda e sinaladas nos capítulos seguintes rematará ao mes seguinte á publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Sexta.-Documentación xeral requirida aos solicitantes.

Ademais da solicitude mencionada na base cuarta desta resolución, os interesados nestas axudas presentarán con carácter xeral a seguinte documentación, mediante orixinal ou fotocopia compulsada ou autenticada:

1º Se o solicitante é unha persoa física, fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade (DNI), ou do pasaporte ou documento equivalente, de ser estranxeiro, así como certificado de estar dado de alta no IAE, na epígrafe e/ou subepígrafe que corresponda.

2º Se o solicitante é unha persoa xurídica, orixinal ou fotocopia compulsada do CIF ou documento equivalente; certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE), na epígrafe e/ou subepígrafe que corresponda; orixinal ou fotocopia compulsada dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro correspondente; así como documentación que acredite de forma suficiente a representación e identidade de quen asina a solicitude no nome da persoa xurídica (DNI ou pasaporte), certificativa do acordo de solicitude da axuda, e da autorización da persoa que a asine no nome da entidade.

No suposto de tratarse de sociedades civís e comunidades de bens -ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia-, deberán nomear para este efecto un representante ou apoderado legal único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como benefi-

ciario, lle corresponden á agrupación (deberán facer constar tal circunstancia tanto na solicitude como na aceptación da concesión da axuda). Deberán reunir, a este respecto, os requisitos de cualificación técnica ou profesional precisos para o desenvolvemento da actividade ou traballo presentado a esta convocatoria de axudas -debendo continuar cumpríndoos durante o prazo de vixencia ou duración da axuda-, así como facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, e o importe de subvención que se aplicará a cada un.

3º Ficha de transferencia bancaria e/ou certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo III), debidamente asinado ou selado por aquela.

4º Declaración xurada e comprensiva de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das administracións públicas competentes ou doutros entes, públicos ou privados -vinculados ou dependentes-; ou, de ser o caso, declaración de que non solicitou ou percibiu outras axudas ou subvencións; así como declaración responsable do solicitante de non incorrer nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (anexo II).

5º Documentación específica para cada tipo ou modalidade de axuda a que se presenten as persoas interesadas, que se recollen nos capítulos seguintes desta convocatoria.

A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención pola persoa interesada, acompañándoa co modelo recollido no anexo I que se achega con esta resolución, comportará a autorización ao IGAEM para que este poida solicitar os certificados de débedas que se deban emitir polos organismos correspondentes da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, consonte coa documentación requirida nas presentes bases e co establecido no artigo 43 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2007.

Sétima.-Procedemento de concesión das axudas: instrución e competencia para a avaliación das solicitudes.

1. A Xerencia do IGAEM, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos recollidos no artigo 24 da Lei xeral de subvencións e 9 do Decreto autonómico 287/2000, correspondéndolle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1. Examinar as solicitudes e documentación presentada.

2. Requirit das persoas solicitantes a emenda da documentación que resultase de obrigada achega no prazo establecido legalmente para o efecto.

3. Formular a proposta de resolución.

Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderá pedirse información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da Consellería de Cultura e Deporte, ou dos profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Xerencia do IGAEM poderá requirir os solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

2. Para a concesión das axudas nas súas distintas modalidades e variedades, serán tidos en consideración os criterios e puntuacións que se relacionan e recollen nos capítulos seguintes desta resolución, para cada tipo ou modalidade de axuda.

3. As comisións de valoración a que se refire a cláusula seguinte desta resolución examinarán os proxectos, tendo en conta os criterios de valoración que en cada modalidade se especifican nos capítulos V e seguintes desta resolución. Así mesmo, elaborarán un informe preceptivo, que non será vinculante, relacionando os proxectos examinados por orde de prelación.

4. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, a Xerencia do IGAEM elaborará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas.

Oitava.-Comisións de valoración.

1. Para a avaliación das solicitudes presentadas, constituirase unha comisión de valoración (ou comisión avaliadora), da cal non poderán formar parte aquelas persoas directa ou indirectamente relacionadas cos expedientes obxecto de valoración. Tanto esta comisión como o órgano instrutor especificado na cláusula anterior poderán solicitar dos interesados cantos datos e acreditacións xulguen necesarios para a debida baremación dos proxectos.

2. Existirán dúas comisións de valoración, unha para a modalidade de axudas á actividade escénica (modalidade A) e outra para as restantes modalidades de axudas (modalidades B, C, D, E e F). Ambas as dúas estarán integradas polo xerente do IGAEM -ou persoa en que este delegue- como presidente da comisión; por un membro do cadro de persoal do IGAEM (que exercerá as funcións de secretario da comisión, con voz e sen voto); e por catro vogais.

3. A condición de vogal da comisión ten carácter persoal, non podendo actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso.

4. A comisión de valoración avaliará as solicitudes consonte cos criterios de valoración establecidos nestas bases para cada modalidade de axuda nos capítulos e epígrafes que se detallan seguidamente, e emitirá un informe relacionando os proxectos examinados por orde de prelación, con indicación da puntuación asignada a cada un deles.

Novena.-Resolución da convocatoria.

1. Unha vez cumprido, se é o caso, co trámite de audiencia -que non será superior a dez días naturais-, o órgano instrutor, á vista do expediente, da

documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución correspondente, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará ao Consello Reitor do IGAEM.

2. O Consello Reitor do IGAEM, como órgano colexiado superior responsable do ditame definitivo da convocatoria de axudas, deberá ditar resolución expresa a este respecto. A citada resolución deberá emitirse e publicarse no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria pública, será motivada e faranse constar os beneficiarios, a contía da axuda e unha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos solicitantes.

3. A resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Este medio de comunicación poderá ser substituído ou completado coa súa inserción na páxina web do IGAEM, así como no taboleiro de anuncios que se atopa nas dependencias deste organismo á disposición dos administrados. A notificación da resolución ás persoas adxudicatarias da axuda cursarase no prazo de 10 días naturais seguintes ao da súa adopción. Transcorrido o prazo máximo previsto para resolver o procedemento sen que se ditase nin recaese resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria da concesión da subvención.

4. A resolución de concesión de axudas ditada será definitiva na vía administrativa e contra ela caberá interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á data da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Porén, esta resolución poderá ser tamén impugnada potestativamente en reposición, no prazo dun mes desde a publicación da resolución no DOG, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116, 117 e demais concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décima.-Retirada dos proxectos non premiados e da documentación achegada.

Os proxectos presentados que sexan obxecto de adxudicación dunha axuda quedarán en poder do IGAEM, non podendo ser retirados en ningún momento polas persoas beneficiarias. Aqueles que non sexan obxecto de adxudicación poderán ser retirados no prazo de 3 meses, contados desde a resolución definitiva do Consello Reitor deste instituto; de non ser así, decaerán no seu dereito a pedir a súa devolución, e poderá proceder o IGAEM á súa destrución.

Décimo primeira.-Pagamento e xustificación: documentación requirida.

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizase dunha soa vez, sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo co programa

e/ou proxecto presentados, e se xustifique correctamente o seu emprego; todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados.

A este respecto, o IGAEM poderá anticipar o pagamento de ata un 50%, como máximo, do importe total da axuda, logo de solicitude expresa do beneficiario e presentación de certificación do inicio das actividades e/ou traballos obxecto de subvención. O importe restante aboarase unha vez que o beneficiario xustifique o cumprimento total das obrigas establecidas nas presentes bases.

2. O prazo de xustificación da axuda percibida rematará nos períodos expresamente previstos para cada modalidade de axuda. A partir da data límite de xustificación prevista para cada tipo, o crédito orzamentario quedará anulado, perdendo o adxudicatario todo dereito a cobrar a axuda concedida inicialmente.

3. A documentación específica requirida para o aboamento de cada tipo ou modalidade de axuda, que sirva para xustificar a subvención e que deberá presentar a persoa beneficiaria, será a recollida nos capítulos V e seguintes desta resolución.

4. Cando concorran varias axudas ou subvencións solicitadas e concedidas ao mesmo beneficiario, só será necesario que este presente dunha soa vez a documentación xeral e de tipo administrativo que resulte coincidente, tanto na fase de solicitude (prevista nas cláusulas cuarta a sexta das presentes bases), como na de xustificación do pagamento.

5. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención outorgada mentres o beneficiario non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma galega; estando autorizado o IGAEM para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos.

6. Será igualmente requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada o cumprimento da totalidade das obrigas económicas e de actividade correspondentes ás subvencións recibidas do IGAEM durante o exercicio 2006.

Capítulo IV Incompatibilidades e obrigas

Décimo segunda.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios destas axudas adquiren as obrigas que se reflicten nesta resolución e no resto da normativa de aplicación e, con carácter xeral, as que se relacionan a continuación:

1º Comunicar ao IGAEM a aceptación por escrito da axuda no prazo máximo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da recepción efectiva da comunicación da concesión. No suposto de non comunicarse esta aceptación, entenderase que o

beneficiario renuncia a esta axuda e perderá todo dereito á súa percepción.

2º Realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda ou subvención -de acordo co programa presentado- durante o tempo máximo que se estableza e, en todo caso, antes do remate do prazo da súa xustificación, agás por causas extraordinarias e alleas á súa vontade, o que deberá acreditar debidamente e de maneira motivada. No caso de ser autorizada a extensión da actividade subvencionada máis aló do remate do prazo de xustificación, persistirá a obriga de xustificar o gasto realizado dentro do devandito prazo.

Toda incidencia que supoña modificación do obxecto, calendario ou finalidade do programa inicial que se presentou á subvención deberá ser comunicado previamente a este instituto, para a súa autorización expresa pola Xerencia do IGAEM.

3º Xustificar a axuda concedida nos termos establecidos nos puntos posteriores para cada modalidade.

4º Someterse ás actuacións de comprobación, control e inspección que efectúe o órgano concedente e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información sexa requirida para este efecto.

5º Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entes públicos autonómicos, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das condicións que no seu día foron tidas en conta para a súa concesión, e dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento dela e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación destinada aos fondos percibidos.

6º Incorporar de forma visible nos materiais que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas o logotipo do IGAEM, coa súa adscripción á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, respectando as súas normas de identidade corporativa; debendo inserilo nun lugar preferente e destacado ou, cando menos, en igualdade de condicións ca a entidade subvencionada.

7º Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario para cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos lle sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

8º Conservar os documentados xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, mesmo os documentos electrónicos, por un período de cinco (5)

anos, en tanto en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control recollidas no punto 4º desta epígrafe.

9º Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 78 do TR da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, consonte coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e no Decreto autonómico 287/2000, do 21 de novembro, así como en particular calquera outra normativa, estatal ou autonómica, que sexa de aplicación directa á presente convocatoria pública.

2. O incumprimento dos anteriores deberes e obrigas por parte dos adxudicatarios dará lugar á existencia das responsabilidades ou sancións que correspondan, de acordo coa normativa vixente en materia de réxime e procedemento sancionador.

Décimo terceira.-Revogación e reintegro das subvencións concedidas.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a existencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, no caso de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas e nos termos establecidos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, no artigo 78 da citada Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no artigo 19 do Decreto autonómico 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia; así como o incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados na presente convocatoria.

2. No suposto de incumprimento parcial, a fixación da suma que deba ser reintegrada determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade, sempre que a actividade desenvolvida se aproxime significativamente ao cumprimento total e acrediten os beneficiarios unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos.

3. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexeráse polo procedemento establecido no artigo 20 do dito Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e supletoriamente polo disposto no título II da citada Lei 38/2003. Esta obriga, así mesmo, enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo cuarta.-Incompatibilidades e concorrencia doutras axudas.

1. O importe das axudas reguladas na presente resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou patrocinios concedidos por outras administracións públicas -vinculadas ou dependentes- e/ou entes públicos ou privados, autonómicos, nacionais ou internacionais, superen o

100% do custo da actividade subvencionada que desenvolverá o beneficiario; isto sen prexuízo das particularidades e especificidades previstas para cada tipo ou modalidade de axuda, recollidas nas cláusulas que se desenvolven seguidamente.

2. Tampouco se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nas presentes bases.

Décimo quinta.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e subvencións aquí recollidas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación; podendo proceder o IGAEM neste caso á reclamación e conseguinte reintegro, total ou parcial, da suma concedida á compañía adxudicataria.

2. Do mesmo xeito, procederá o dito reintegro total ou parcial nos supostos previstos no punto 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Capítulo V

Axudas á actividade escénica

1ª Finalidade da concesión:

Fomentar a actividade escénica, en calquera das súas modalidades, por parte de compañías profesionais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas axudas á actividade escénica teñen por finalidade o mantemento e progresiva consolidación das empresas e/ou compañías profesionais de teatro e danza, e a mellora cualitativa dos espectáculos escénicos producidos na nosa comunidade autónoma.

2ª Modalidades de axudas á actividade escénica:

A.1. Axudas á nova creación.

A.2. Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques.

A.3. Axudas á actividade escénica no ámbito da danza.

Para cada unha das modalidades anteriormente relacionadas os interesados poderán optar entre dous tipos de axuda:

a) Axuda anual: axuda para a produción e distribución dun novo espectáculo.

b) Axuda bianual: axuda para a continuidade da distribución do espectáculo subvencionado no exercicio 2006. Esta opción só será admisible para aqueles solicitantes e espectáculos que fosen beneficiarios de axudas á produción no exercicio 2006.

3ª Beneficiarios: requisitos:

Os beneficiarios destas axudas poderán ser aquelas persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á actividade teatral ou á actividade da danza,

con domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia, quedando exceptuadas as asociacións e entidades sen fins de lucro. Os requisitos xerais para os tres tipos ou variantes de axuda son:

-Acreditación da dedicación profesional á actividade teatral/coreográfica. No caso de sociedades, ter social ou estatutariamente como obxecto social o desenvolvemento de actividades de artes escénicas.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE), na epígrafe e/ou subepígrafe correspondente, no exercicio tributario 2007.

-Domicilio ou enderezo social na Comunidade Autónoma de Galicia.

No suposto da modalidade A.1, ademais dos requisitos consignados, requiriránelles os seguintes:

1-Maioría de capital ou dereitos de propiedade (51%) por parte mozos e mozas menores de 35 anos.

2-Maioría do elenco artístico (51%) integrada por mozos e mozas menores de 35 anos.

3-Antigüidade da compañía non superior aos 5 anos (para estes únicos efectos, a antigüidade da compañía contabilizarase desde a alta no IAE na actividade de produción ou distribución de espectáculos de artes escénicas).

4ª. Contía das axudas e límites mínimos e/ou máximos:

a) Importes mínimos e máximos das axudas e subvencións:

-Axudas á nova creación. De 12.000 € a 30.000 €.

-Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de monicreques. De 12.000 € a 80.000 €.

-Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor. De 25.000 € a 80.000 €.

-Axudas á actividade escénica no ámbito da danza. De 15.000 € a 40.000 €.

b) Determinación da contía da subvención nas axudas bianuais:

Nas subvencións de carácter bianual o importe da axuda determinarase, dentro dos importes mínimos e máximos recollidos no parágrafo anterior, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre a subvención concedida no exercicio 2006:

-O 75% da subvención concedida no exercicio anterior, cando esta fose superior a 50.000 €.

-O 80% da subvención concedida no exercicio anterior, cando esta fose superior a 25.000 € e inferior a 50.000 €.

-O 90% da subvención concedida no exercicio anterior, cando esta fose inferior a 25.000 €.

c) Determinación da contía da subvención nas axudas anuais:

Nas axudas anuais o importe da axuda determinarase, para os proxectos previamente seleccionados, nunha porcentaxe sobre o orzamento de gastos do proxecto presentado. Para este único efecto, o

orçamento de gastos do proxecto estará condicionado aos seguintes límites:

* O 65% dos ingresos totais da empresa no exercicio anterior ou, de ser esta cantidade maior, da media dos ingresos totais da empresa nos últimos tres anos.

* No caso da modalidade A.2., a cantidade resultante de multiplicar 28.000 € polo número de actores/actrices, bailaríns/nas e músicos/as, ata o terceiro, e por 8.000 € a partir do terceiro.

* No caso das modalidades A.1. e A.3., a cantidade resultante de multiplicar 12.000 € polo número de actores/actrices, bailaríns/nas e músicos/as, ata o segundo, e por 5.000 € a partir do terceiro.

A porcentaxe que se aplicará sobre os custos totais do proxecto poderá variar por tramos en función dos diferentes orzamentos de produción. A resolución de concesión especificará o importe da subvención concedida, así como o coeficiente de financiamento do proxecto. O dito coeficiente fixa o cociente entre o importe da subvención concedida e o importe total do proxecto que hai que xustificar, e non poderá ser inferior á porcentaxe mínima de subvención solicitada, nin superior aos límites establecidos no punto seguinte. Da mesma forma, o importe da subvención concedida deberá estar comprendido entre os límites mínimo e máximo establecidos no parágrafo a) desta epígrafe.

O importe máximo total da subvención ou axuda concedida polo IGAEM non poderá superar o 80% dos custos totais do proxecto, no caso da produción para a modalidade A.2., e do 90% no caso da produción para a modalidade A.3. Na epígrafe de axudas incluídas na modalidade A.1. non serán de aplicación as porcentaxes máximas de subvención. En calquera caso, o importe máximo total das subvencións e axudas das distintas administracións públicas e/ou entidades públicas ou privadas non poderá superar en ningún caso o 100% dos custos finais do proxecto.

d) No momento de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá remitir ao IGAEM no prazo establecido na cláusula décimo segunda, punto 1.1º, a declaración de aceptación da subvención nos termos establecidos na resolución, xunto coa ficha de produción (anexo IV) e o plan económico-financieiro (anexo VIII), debidamente adaptados á subvención concedida e ao coeficiente de financiamento.

5ª Criterios de valoración e baremación:

A valoración das solicitudes presentadas realízase con base na información referida na base sexta desta convocatoria e na documentación específica que se exige a posteriori, de acordo cos seguintes criterios:

a) Axudas bianuais.

Nas axudas bianuais a concesión será automática, sempre que se cumpran todos os requisitos exixidos na presente resolución de convocatoria.

b) Axudas anuais. Baremos de selección. Nova creación -Modalidade A.1.-:

I. Interese artístico: 76%.

I.1. Memoria de dirección: 16%.

Libre valoración pola comisión. Valoración nunha escala do 1 ao 16.

I.2. Autoría galega: 6%.

Autores galegos vivos menores de 35 anos, 6 puntos. Outros autores galegos vivos, 4 puntos. Outros autores galegos, 2 puntos.

(Non se contabilizarán adaptacións; a consideración de obra orixinal estará suxeita ao rexistro dos dereitos de autor. O rexistro da obra finalmente beneficiaria deberá ser efectivo con anterioridade o cobramento da subvención).

I.3. Innovación dramática: 6%.

Libre valoración pola comisión. Valoración nunha escala do 1 ao 6.

I.4. Interese cultural e social xeral: 6%.

Libre valoración pola comisión. Valoración nunha escala do 1 ao 6.

I.5. Historial previo da compañía: 36%.

a) Director: ata un máximo de 14 puntos.

-1 punto por montaxe dirixida.

-4 puntos pola titulación oficial de arte dramática.

-0,01 punto por cada hora de formación relacionada coas tarefas que se van desenvolver.

-Ata 2 puntos por outros méritos.

b) Actores/actrices, manipuladores/as, bailaríns/nas e músicos/as: suma das puntuacións de cada un, ata un máximo de 24 puntos.

-0,5 puntos por montaxe realizada.

-2 puntos pola titulación oficial de arte dramática.

-0,01 punto por cada hora de formación relacionada coas tarefas que se van desenvolver.

-Ata 2 puntos por outros méritos.

c) Resto do elenco (escenografía, vestiario, iluminación e son): suma das puntuacións de cada un, ata un máximo de 8 puntos.

-0,25 puntos por montaxe realizada.

Contabilizaranse a participación na produción e distribución de espectáculos (non actos puntuais) de compañías profesionais e non profesionais. A puntuación global calcularase mediante a suma da puntuación parcial do director, dos/as actores/actrices, bailaríns/nas, músicos/as e do resto do elenco, co límite máximo de 36 puntos.

I.6. Composición do elenco 6%.

-Entre o 55% e o 65% menores de 35 anos: 3 puntos.

-Entre o 66% e o 75% menores de 35 anos: 4 puntos.

- Entre o 75% e o 85% menores de 35 anos: 5 puntos.
- Máis do 85% menores de 35 anos: 6 puntos.
- II. Planificación económica: 24%.

II.1. Porcentaxe de custos de persoal: 6%.

- Entre 30% e 50%: 3 puntos.
- Entre 50% e 65%: 5 puntos.
- Máis do 65%: 6 puntos.

Nesta epígrafe incluírase exclusivamente a contratación laboral e as retribucións dos socios traballadores da empresa.

II.2. Punto morto 6%.

- Máis de 65: 1 punto.
- Entre 65 e 55: 2 puntos.
- Entre 55 e 45: 3 puntos.
- Entre 45 e 35: 4 puntos.
- Entre 35 e 25: 5 puntos.
- Menos de 25: 6 puntos.

Nesta epígrafe incluírase o cociente entre a subvención solicitada e a diferenza entre o caché (sen necesidades técnicas) e os gastos de persoal e axudas de custo por función. Subvención solicitada/(caché-gastos de persoal-outras axudas de custo). Cando o caché sen necesidades técnicas sexa superior ao 7% dos gastos totais do proxecto de produción ou inferior ao 3%, aplicaranse as respectivas porcentaxes.

II.3. Porcentaxe mínima da subvención solicitada: 6%.

- 95%: 1 punto.
- 90%: 2 puntos.
- 85%: 3 puntos.
- 80%: 4 puntos.
- 75%: 5 puntos.
- 70%: 6 puntos.

II.4. Deseño do plan de márketing e distribución: 6%.

Libre valoración pola comisión. Valoración nunha escala do 1 ao 6.

c) Axudas anuais. Baremos de selección. Axudas á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques e no ámbito da danza -modalidades A.2 e A.3-:

I. Interese artístico: 42%.

I.1. Memoria de dirección: 8%.

Libre valoración pola comisión. Valoración nunha escala do 1 ao 8.

I.2. Autoría galega: 5%.

- Autores galegos vivos: 5 puntos.
- Outros autores galegos: 2 puntos.

(Non se contabilizarán adaptacións; a consideración de obra orixinal estará suxeita ao rexistro dos dereitos de autor. O rexistro da obra finalmente bene-

ficiaria deberá ser efectivo con anterioridade ao cobramento da subvención).

I.3. Traxectoria profesional: 25%.

a) Director: ata un máximo de 15 puntos.

- 0,75 puntos por montaxe profesional dirixida.
- 2 puntos pola titulación oficial de arte dramática.

b) Actores/actrices, manipuladores/as, bailaríns/nas e músicos/as: suma das puntuacións de cada un, ata un máximo de 15 puntos.

- 0,5 puntos por montaxe profesional realizada.
- 2 puntos pola titulación oficial de arte dramática.

c) Resto do elenco (escenografía, vestuario, iluminación e son): suma das puntuacións de cada un, ata un máximo de 5 puntos.

- 0,25 puntos por montaxe profesional realizada.

Contabilizaranse exclusivamente a participación na produción e distribución de espectáculos (non actos puntuais) de compañías profesionais. A puntuación global calcularase mediante suma da puntuación parcial do/a director/a, dos/as actores/actrices, bailaríns/nas músicos/as e do resto do elenco, co límite máximo de 25 puntos.

I.4. Valoración do público: 4%.

Valorarase nunha escala do 1 ao 10. Cada punto é equivalente a un 0,4% (puntuación obtida na enquisa $\times 0,4$). Puntuación media dunha enquisa ao público da programación do segundo semestre da RGTA. As compañías que non realizasen un mínimo de dúas funcións durante este período recibirán a puntuación mínima.

Nas axudas á actividade escénica no ámbito da danza -modalidade A.3.- non será de aplicación esta epígrafe, asignándosele a todas as compañías a puntuación máxima.

II. Traxectoria da compañía: 43%.

II.1. Estrutura organizativa da empresa.

II.1.1. Antigüidade da empresa: 4%.

- Un ano ou menos: 1 punto.
- Dous anos: 2 puntos.
- Tres anos: 3 puntos.
- Catro ou máis anos: 4 puntos.

A antigüidade da empresa ou da compañía profesional participante determinarase mediante un cálculo sobre a data da alta no IAE (na epígrafe e/ou subepígrafe correspondente) e o rexistro das súas escrituras de constitución.

II.1.2. Nivel de contratación de persoal: 6%.

- Máis de 2.000 €: 1 punto.
- Máis de 5.000 €: 2 puntos.
- Máis de 9.000 €: 3 puntos.
- Máis de 12.000 €: 4 puntos.

-Máis de 15.000 €: 5 puntos.

-Máis de 18.000 €: 6 puntos.

A puntuación obxecto desta epígrafe calcularase mediante a media do importe das cotizacións á Seguridade Social da empresa (socios traballadores e contratados laborais) nos últimos tres anos naturais (2004-2005-2006), no campo da actividade de produción de espectáculos de artes escénicas (se a empresa ten outras actividades, contabilizarase exclusivamente o persoal vinculado á produción dos espectáculos ou á distribución dos espectáculos producidos).

II.2. Traxectoria artística da compañía.

II.2.1. Nivel de produción: 15%.

-Menos de 10 funcións: 1 punto.

-Entre 11 e 20 funcións: 2 puntos.

-Entre 21 e 30 funcións: 3 puntos.

-Entre 31 e 40 funcións: 4 puntos.

-Máis de 40 funcións: 5 puntos.

Esta epígrafe calcularase co número de espectáculos producidos nos tres anos naturais inmediatamente anteriores (2004-2005-2006), ponderados en función do número de funcións distribuídas de cada un deles. A puntuación final é a suma das puntuacións asignadas por cada espectáculo.

II.2.2. Nivel de distribución: 15%.

-Ata 10 funcións: 1 punto.

-Entre 10 e 15 funcións: 3 puntos.

-Entre 16 e 20 funcións: 4,5 puntos.

-Entre 21 e 25 funcións: 6 puntos.

-Entre 26 e 30 funcións: 7,5 puntos.

-Entre 31 e 35 funcións: 9 puntos.

-Entre 36 e 40 funcións: 10,5 puntos.

-Entre 41 e 45 funcións: 12 puntos.

-Entre 46 e 50 funcións: 13,5 puntos.

-Máis de 50 funcións: 15 puntos.

A repartición desta puntuación determinarase coa media anual das funcións distribuídas nos últimos tres anos naturais (2004, 2005 e 2006) -terán a consideración de funcións aquelas que supoñan contraprestación económica-. As funcións realizadas recibirán a seguinte ponderación:

-Fóra de Galicia: $\times 2$.

-Teatros e auditorios da RGTA: $\times 1,4$.

-Outros espazos: $\times 1$.

II.2.3. Nivel de asistencia de público: 3%.

-Por debaixo da media: 0 puntos.

-Ata un 10% por riba da media: 1 punto.

-Do 10% ao 20% por riba da media: 2 puntos.

-Máis do 20% por riba da media: 3 puntos.

Media de asistencia aos espectáculos integrados na programación da RGTA, durante o segundo semestre de 2006. As compañías que non realizasen ningunha función durante este período recibirían a puntuación mínima.

III. Planificación económica: 15%.

III.1. Porcentaxe de custos de persoal: 5%.

-Entre 30% e 50%: 3 puntos.

-Entre 50% e 65%: 4 puntos.

-Máis do 65%: 5 puntos.

Nesta epígrafe incluírase exclusivamente a contratación laboral e as retribucións dos socios traballadores da empresa.

III.2. Punto morto: 5%.

-Entre 65 e 55: 1 punto.

-Entre 55 e 45: 2 puntos.

-Entre 45 e 35: 3 puntos.

-Entre 35 e 25: 4 puntos.

-Menos de 25: 5 puntos.

Calcularase co cociente entre a subvención solicitada e a diferenza entre o caché (sen necesidades técnicas) e os gastos de persoal e axudas de custo por función. Subvención solicitada/(caché-gastos de persoal-outas axudas de custo). Cando o caché sen necesidades técnicas sexa superior ao 7% dos gastos totais do proxecto de produción ou ben sexa inferior ao 3%, aplicaranse as respectivas porcentaxes.

III.3. Porcentaxe mínima subvención solicitada: 5%.

-75%: 1 punto.

-70%: 2 puntos.

-65%: 3 puntos.

-60%: 4 puntos.

-55%: 5 puntos.

6ª Premios do IGAEM:

As compañías que presenten para a súa produción textos ou coreografías premiadas polo IGAEM (e non fosen estreados con anterioridade) recibirán 10 puntos adicionais, que se sumarán á puntuación total obtida na baremación. Así mesmo, a subvención concedida -no caso de formar parte do grupo de proxectos seleccionados para o seu financiamento- será incrementada nun 20% sobre a contía que corresponda por porcentaxe de custos de produción, dentro dos límites establecidos no parágrafo 4ª a) deste capítulo.

7ª Proxectos conxuntos:

Os proxectos á actividade escénica, nas variantes de teatro de actor, monicreques e danza, poderán ser presentados de forma conxunta por dúas compañías profesionais. A colaboración entre elas poderá adoptar a fórmula de contrato privado ou de unión temporal de empresas (UTE). Nos proxectos conxun-

tos a valoración de cada unha das epígrafes do baremo será a superior entre as que acrediten as compañías. Ademais, os proxectos conxuntos recibirán 6 puntos adicionais, que se sumarán á puntuación total obtida na baremación. Nos proxectos conxuntos cada unha das compañías deberá executar unha porcentaxe non inferior ao 30% do orzamento inicialmente presentado.

8ª. Continuidade empresarial:

Cando unha compañía estea formada por unha fusión, escisión ou cambio de forma xurídica ou razón social dunha ou de varias empresas preexistentes, recoñeceráselle a traxectoria anterior destas para os efectos de baremación. No caso de escisión, o recoñecemento será pola parte proporcional que lle corresponda á parte escindida que se integra na nova sociedade.

9ª Documentación específica requirida aos solicitantes destas modalidades:

a) Axudas anuais.

-Memoria da dirección.

-Historial profesional do elenco técnico e artístico da compañía (anexo VII).

-Memoria das actividades realizadas, xunto coa documentación acreditativa das actividades recollidas nela (anexo VI).

-Certificación acreditativa da titularidade dos dereitos de autor (poderá presentarse acreditación da súa solicitude, no momento de presentación da solicitude da subvención. En todo caso, deberá acreditarse a titularidade con anterioridade ao aboamento da subvención).

-No caso de produción de danza -modalidade A.3.-, soporte audiovisual da produción que se presente ou, se é o caso, da produción inmediatamente anterior, realizada pola compañía, dunha duración mínima de 5 minutos e máxima de 10.

b) Todas as modalidades de axudas.

-Ficha de produción (anexo IV).

-Memoria da empresa (anexo V) xunto coa documentación acreditativa da información recollida nela.

-Plan económico financeiro: orzamento. Custo por función (anexo VIII).

-Plan de márketing e distribución (anexo IX).

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

10ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

1. Un técnico/a do cadro de persoal do IGAEM.

2. Tres expertos/as externos, nomeados/as polo Consello Reitor do IGAEM de entre persoas de recoñecido prestixio no mundo das artes escénicas -ámbito teatral e/ou coreográfico- en Galicia.

11ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

a) Prazo límite de estrea do espectáculo:

Nas axudas anuais a estrea da produción deberá producirse entre a data de publicación da resolución de convocatoria de axudas e o 15 de decembro de 2007.

b) Prazo límite de xustificación:

-En todo caso, con anterioridade ao 15 de decembro de 2007.

12ª Obrigas dos beneficiarios:

a) Axudas bianuais.

Nas axudas bianuais os beneficiarios estarán obrigados a realizar ao longo do exercicio 2007 un número de funcións equivalente ao resultado de multiplicar o cociente da subvención recibida e o caché do espectáculo por 2,2. (Subvención recibida/caché x 2,2). No caso dos espectáculos acollidos á modalidade A.3., o coeficiente corrector será de 1,5. Non se contabilizarán, para os efectos do cumprimento desta obriga, as funcións contabilizadas para o cumprimento da obriga de distribución recollida na convocatoria de 2006.

b) Axudas anuais.

Nas axudas anuais os beneficiarios estarán obrigados a realizar no prazo de 3 meses dende a data de estrea un número de funcións equivalente ao resultado de multiplicar o cociente da subvención recibida e o caché do espectáculo por 0,5. (Subvención recibida/caché x 0,5). No caso dos espectáculos acollidos á modalidade A.3., o coeficiente corrector será de 0,35.

c) Información estatística.

As compañías deberán facilitar información semestral sobre a súa actividade no prazo dos 15 días inmediatamente posteriores ao remate de cada semestre natural, mediante a presentación dun informe detallado, segundo o modelo recollido no anexo X.

13ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Documentación acreditativa do número de funcións realizadas -mediante certificado/s de actuación, certificación expedida pola entidade xestora dos dereitos de autor que corresponda, ou por calquera outro medio ou documento que acredite de forma que faga fe a realización do número mínimo de funcións requiridas.

-Balance de ingresos e gastos da totalidade do proxecto subvencionado.

-Relación completa dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe total do gasto finalmente xerado (vid. anexo VIII).

-Xustificantes, orixinais ou fotocopias compulsadas, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por importe igual ou superior á subvención concedida.

-Relación de axudas e subvencións concedidas para o mesmo obxecto por outras administracións públicas ou institucións privadas, ou os seus organismos/entidades vinculadas ou dependentes.

-Dous exemplares dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, DVD e similares) empregados para a difusión e promoción da produción. Deberase tamén entregar ao IGAEM unha copia en PDF, ou en formato semellante, dos indicados soportes, para os únicos efectos de arquivo e documentación e coa única finalidade de comprobar a realización da actividade subvencionada.

-Gravación do espectáculo.

-No caso das modalidades A.1. (cando se trate de creación teatral) e A.2., copia do texto.

-Deberase presentar (en relación cos dous últimos puntos) unha autorización expresa, asinada polo adxudicatario da axuda, en que se faga constar que a entrega tanto da gravación do espectáculo como da copia do texto se realiza para os meros efectos de arquivo e documentación do IGAEM.

14ª. Custos ou gastos subvencionados:

Custos relativos á produción e, se é o caso, á distribución do espectáculo con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007, incluíndose:

-Gastos de persoal.

-Gastos de produción (escenografía, vestuario, deseño da luminotecnia, composición musical, realización do *atrezzo*, etc.).

-Aluguer dos locais de ensaio e custos asociados (luz, auga, limpeza, etc.).

-Gastos de promoción e publicidade.

-Dereitos de autor.

-Gastos financeiros.

-Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).

-Axudas de custo, transporte e/ou outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Poderanse xustificar achegas en especie, debidamente acreditadas, co límite do 10% do orzamento total do proxecto. A xustificación das axudas estará suxeita ás instrucións que, en desenvolvemento do establecido nesta convocatoria, dite a Xerencia do IGAEM.

15ª Outras incidencias: incompatibilidades:

Sen prexuízo da posible presentación de máis dun proxecto por un mesmo solicitante, só poderá ser

obxecto de subvención nesta modalidade de axudas un proxecto por persoa física ou xurídica. Quedarán igualmente excluídas desta convocatoria as compañías beneficiarias de axudas de coprodución para espectáculos con data de estrea durante o exercicio 2007.

Capítulo VI Axudas á distribución

1ª Finalidade da concesión:

Promover a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas e/ou compañías profesionais galegas.

2ª. Beneficiarios e modalidades de axudas:

a) Modalidade B.1. Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas: persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas, con domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.

b) Modalidade B.2. Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical: sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música, con domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Modalidade B.3. Axudas á promoción e difusión: sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución no ámbito da música, para proxectos de promoción e difusión de traballos discográficos editados durante o ano 2007 e ao longo do segundo semestre do 2006, cun orzamento non inferior aos 9.000 €.

Requisitos:

-Acreditación da dedicación profesional á actividade do teatro, da danza ou da música. No caso de sociedades, ter social ou estatutariamente como obxecto social a produción e distribución de espectáculos de teatro, danza ou música.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) na epígrafe e/ou subepígrafe correspondente, no exercicio impositivo 2007.

-Ter o domicilio ou enderezo social na Comunidade Autónoma de Galicia.

3ª. Importes e límites das axudas:

a) O importe da axuda será como máximo:

-Modalidade B.1: o correspondente aos gastos de desprazamento, transporte e aloxamento necesarios para a distribución do espectáculo, co límite equivalente ao importe do contrato de distribución. No caso de contratación por recadación dos billetes vendidos, o importe do contrato calcularase mediante o produto da porcentaxe da recadación que se perciba, o prezo medio de entrada e a capacidade do

espazo escénico. No suposto de asistencia a feiras sen contraprestación económica, o importe da axuda non estará sometido ao límite do importe do contrato de distribución.

-Modalidade B.2: o correspondente aos gastos derivados da asistencia á feira ou plataforma de exhibición musical, incluídos os de desprazamento, transporte, aloxamento, dereitos ou cotas de asistencia e alugamento de espazos de exhibición, co límite equivalente ao 60% do gasto total.

-Modalidade B.3: o 60% dos gastos correspondentes a promoción e difusión do traballo discográfico, co límite máximo de 12.000 €. Quedarán excluídos os gastos de persoal e todos aqueles non vinculados de forma ás accións de promoción e difusión. Os gastos en artes gráficas e elaboración e mantemento de soportes de comunicación en contorno web non poderán superar o 25% dos gastos totais do proxecto.

b) As axudas e subvencións concedidas polas diferentes administracións públicas para a mesma finalidade non poderán superar en ningún caso o importe total dos gastos finalmente producidos.

c) Forma de pagamento: o importe da subvención farase efectivo logo de xustificación polo beneficiario do cumprimento total das actividades, funcións ou asistencias, así como das obrigas establecidas.

4ª Criterios/Parámetros de valoración e baremación:

a) Modalidades B.1. e B.2.:

A valoración das solicitudes presentadas realízase de acordo cos seguintes criterios:

-Relevancia e prestixio dos lugares en que se vai actuar.

-(No caso de xiras, certames e festivais): número de representacións previstas e importe económico do contrato de distribución.

-(No caso de actuacións en feiras): expectativas de contratación das funcións.

-Representacións que faciliten a apertura de mercados en novos ámbitos xeográficos.

b) Modalidade B.3.:

A valoración das solicitudes presentadas realízase de acordo cos seguintes criterios:

-Relevancia do traballo discográfico obxecto do proxecto de promoción e difusión: 40% da puntuación total.

-Calidade do proxecto de promoción e difusión: 35% da puntuación total.

-Interese dos mercados e áreas sobre os cales se vai actuar: 25% da puntuación total.

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

a) Modalidades B.1. e B.2.:

-Ficha de distribución (anexo XI).

-No caso de xiras, documento acreditativo da oferta ou convite, co detalle do contido económico daquela, asinado e cuñado polo representante legal da entidade organizadora.

-No caso de asistencia a feiras ou plataformas de exhibición musical, documento acreditativo das condicións económicas da participación.

b) Modalidade B.3.:

-Memoria do proxecto de promoción e difusión, coa información sobre o proxecto discográfico, os obxectivos, mercados aos cales se dirixe, accións que desenvolverá, cronograma e orzamento do proxecto.

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

6ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

-Catro técnicos/as integrantes do cadro de persoal do IGAEM.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta das presentes bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración nas modalidades B.1. e B.2. son os que seguen:

a) De presentación de solicitudes: as solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 30 días á realización das actividades obxecto de subvención e, en todo caso, con anterioridade ao 15 de novembro de 2007. Para os actividades realizadas entre o 16 de novembro de 2006 e a data de publicación da presente resolución de convocatoria de axudas, o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir da data da súa publicación no DOG.

b) De realización das actividades obxecto de subvención: entre o 16 de novembro de 2006 e o 15 de decembro de 2007.

c) De xustificación: un mes, contado dende o remate do período das actividades obxecto de subvención e, en todo caso, co límite máximo do 20 de decembro de 2007.

Na modalidade B.3., o prazo de presentación de solicitudes será o xeral (un mes desde a publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*) e o de xustificación será ata do día 30 de novembro de 2007, como data límite.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Memoria detallada da actividade realizada, incluíndose: descrición xeral do desenvolvemento

da actividade, principais incidencias, relación de funcións realizadas (lugar, data, caché, número de espectadores e de billetes vendidos).

-Relación completa dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe total do gasto.

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por importe igual ou superior á subvención concedida.

-Relación de axudas e subvencións concedidas para o mesmo obxecto por outras administracións públicas ou institucións privadas, ou os seus organismos/entidades vinculadas ou dependentes.

Capítulo VII

Axudas ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios

1ª Finalidade da concesión:

Contribuír á mellora das dotacións técnicas dos teatros, auditorios e demais espazos escénicos que conforman a Rede Galega de Teatros e Auditorios.

2ª Beneficiarios e obxecto:

-Beneficiarios: entidades públicas locais titulares de teatros, auditorios e espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

-Obxecto: as melloras no equipamento técnico dos citados recintos deberán basearse, entre outros, en investimentos en:

-Equipamentos escénicos.

-Equipamentos de iluminación.

-Equipamentos de son.

3ª Importes e límites das axudas:

a) O importe de axuda será, como máximo, do 60% do orzamento do investimento realizado, cun límite de 30.000 € como máximo por beneficiario -neste sentido, requiriráselle á entidade local solicitante unha certificación do órgano competente sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para facer fronte á porcentaxe de financiamento que debe asumir esta, sobre o total do proxecto presentado-.

b) As axudas e subvencións concedidas polas diferentes administracións e institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade non poderán superar o importe total dos gastos producidos.

c) Forma de pagamento: o importe da subvención farase efectivo logo de xustificación polo beneficiario do cumprimento total das obrigas establecidas nesta liña de axudas.

4ª Criterios de valoración e baremación:

(a) Valoración técnica do proxecto de investimento: 25% da puntuación total.

(b) Programación ofertada polo espazo escénico: 30% da puntuación total.

-Número de espectáculos programados dentro da rede durante o ano 2006.

-Orzamento total da programación no exercicio 2006.

-Niveis de asistencia e despacho de billetes das funcións da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

(c) Porcentaxe de cofinanciamento do investimento por parte da entidade local: 20% da puntuación total.

(d) Dotación de persoal e servizos técnicos profesionais para o manexo e mantemento do equipamento técnico: 25% da puntuación total.

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

-Memoria do proxecto de investimento.

-Orzamento ou factura pro forma.

-Informe técnico das dotacións existentes no teatro, auditorio ou recinto escénico, así como niveis de asistencia e despacho de billetes das funcións da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

-Memoria do proxecto (anexo XII).

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

6ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

-Catro técnicos/as integrantes do cadro de persoal do IGAEM.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta das presentes bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración nesta modalidade son os que seguen:

-Prazo de xustificación: ata do día 30 de novembro de 2007, como data límite.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Memoria detallada do investimento realizado.

-Balance completo dos gastos, referidos ao investimento obxecto de subvención.

-Relación completa de gastos imputados, que deberá ir cuñada e/ou selada polo representante legal da entidade. Esta relación irá acompañada dos xustificantes, orixinais ou fotocopias compulsadas, da totalidade dos investimentos realizados.

-Relación de axudas e subvencións concedidas para o mesmo obxecto por outras administracións públicas ou institucións privadas, ou os seus organismos/entidades vinculadas ou dependentes.

-Certificación da incorporación do investimento realizado ao inventario da entidade.

9ª Custos ou gastos subvencionados:

Custos relativos ao equipamento técnico do recinto escénico, incluíndose nestes conceptos:

-Equipamentos escénicos:

a) Maquinaria: varas manuais, contrapesadas, motorizadas,...

b) Estruturas elevables: trussers, motores.

c) Vestiario escénico: patas, bambolinas, pano, pano de fondo,

d) Chan de danza: linóleo ou outros pavimentos adecuados para a práctica da danza.

-Equipamentos de luz ou iluminación: mesa de control, dimmers, cableado, focos e accesorios (garras, eslingas de seguridade, torre de cable, ...).

-Equipamentos de son: mesa de mesturas, reprodutores, etapas de potencia, equalizadores, efectos, caixas acústicas, cableado, microfonía, pés de micro, ...).

10ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

-Comunicar calquera modificación que se produza no proxecto de investimento, en todo caso, con carácter previo á súa realización.

-Instalar na fachada principal do teatro ou auditorio a placa identificativa da súa pertenza á Rede Galega de Teatros e Auditorios, que lle será facilitada polo IGAEM.

Capítulo VIII

Axudas a salas de teatro e artes escénicas privadas

1ª Finalidade da concesión:

-Promover o desenvolvemento de programacións de artes escénicas por parte de salas e teatros de titularidade privada.

2ª Beneficiarios e requisitos:

-Salas e teatros de titularidade privada, con capacidade non superior ás 300 prazas, con programación estable de espectáculos relacionados coas artes escénicas e exhibición escénica en xeral. Excluiranse deste ámbito as salas ou teatros titularidade de asociacións e doutras entidades sen fin de lucro.

3ª Importes e límites das axudas:

a) Dotación unitaria máxima de 40.000 €, co límite do 50% dos custos anuais de explotación do exercicio inmediatamente anterior.

b) As axudas e/ou subvencións concedidas polas diferentes administracións e/ou institucións, públicas ou privadas, para a mesma finalidade non poderán superar a suma ou custo total dos gastos efectivamente producidos.

c) Forma de pagamento: a cantidade obxecto de subvención e adxudicada ao proxecto presentado será aboada por resolución da xerencia do IGAEM, de acordo coas súas posibilidades de liquidez, por pagamentos parciais con cargo ao ano correspondente e logo de xustificación de gastos a medida que estes se vaian desenvolvendo, ata un importe máximo do 70% da axuda concedida; condicionando estes anticipos á achega e pertinente comprobación por parte deste instituto da documentación que xustifique a efectiva aplicación da suma librada á actividade obxecto de subvención.

4ª Criterios de valoración e baremación:

a) Programación realizada durante o exercicio 2006 anterior (35 puntos):

-Número de espectáculos, número de espectadores e facturación total.

-Calidade, variedade e innovación na programación.

b) Programación prevista para o exercicio 2007 (35 puntos):

-Calidade, variedade e innovación da programación.

-Presenza de producións galegas e obras en lingua galega, cunha programación mínima do 35%.

-Actividades paralelas de difusión e fomento das artes escénicas e musicais.

-Cesións de instalacións para a actividade de compañías de teatro e danza non vinculadas á sala ou teatro.

c) Dotacións e actividade xeral da sala ou teatro (30 puntos):

-Estrutura de persoal vinculada á actividade da sala ou teatro.

-Viabilidade económico-financeira do proxecto empresarial.

-Investimentos en infraestruturas e equipamentos realizados nos últimos tres anos.

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

-Memoria de actividades do último ano (anexo XIII).

-Proxecto de programación para o presente exercicio (anexo XIV).

-Memoria da sala (anexo XV).

-Orzamento (anexo XVI).

-Documentación acreditativa da titularidade dos dereitos de propiedade ou usufruto da sala.

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

6ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

-Catro técnicos/as integrantes do cadro de persoal do IGAEM.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta das presentes bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración nesta modalidade son os que seguen:

-Prazo de xustificación: ata do día 30 de novembro de 2007, como data límite.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Memoria xeral da actividade realizada.

-Balance de ingresos e gastos.

-Relación completa dos gastos realizados, polo importe total dos gastos de explotación.

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos realizados e imputados á subvención.

-Dous exemplares dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, DVD e similares) empregados para a difusión e promoción da produción. Deberase tamén entregar ao IGAEM unha copia en PDF, ou en formato semellante, dos indicados soportes, para os únicos efectos de arquivo e documentación e coa única finalidade de comprobar a realización da actividade subvencionada.

-Relación de axudas e subvencións concedidas para o mesmo obxecto por outras administracións públicas ou institucións privadas, ou os seus organismos/entidades vinculadas ou dependentes.

9ª Custos ou gastos subvencionados:

Custos relativos ao funcionamento e programación da sala con data comprendida entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2007, incluíndose entre eles:

-Gastos fixos de funcionamento da sala (alugueres, subministracións, gastos correntes e servizos, reformas e mantemento, gastos de persoal).

-Investimentos destinados á mellora ou ampliación da capacidade da sala.

-Gastos propios da programación de artes escénicas (pagamentos por espectáculos, servizos asociados, gastos de publicidade e promoción, etc.).

-Gastos financeiros.

10ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

-Facilitar información mensual sobre espectáculos, asistentes e despacho de billetes (anexo XVII).

-Facilitar ao IGAEM o uso do espazo e da infraestructura da sala por un máximo de catro (4) días anuais, consonte coa dispoñibilidade existente do local.

-Instalar na fachada principal do teatro, auditorio ou recinto escénico a placa identificativa da súa pertenza á Rede Galega de Salas, que lle será facilitada polo IGAEM.

-Comunicar calquera modificación que se produza no obxecto de actividades ou na programación presentada, con carácter previo -en todo caso- á súa realización.

Capítulo IX

Axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais

1ª Finalidade da concesión:

Potenciar o asociacionismo profesional no eido das artes escénicas e musicais.

2ª Beneficiarios e requisitos:

a) Beneficiarios: entidades sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, representativas das empresas e dos profesionais do teatro, da danza e da música.

b) Requisitos:

-Ausencia de ánimo de lucro.

-Ter social ou estatutariamente como obxecto social a promoción do teatro, da danza ou da música, ou ben a defensa dos intereses das empresas e profesionais destes ámbitos.

-Domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Ámbito autonómico.

3ª Importes e límites das axudas:

a) Concederáse unha dotación unitaria máxima de 40.000 € por beneficiario, con independencia do tipo de actividade que se vaia executar.

b) Forma de pagamento: a cantidade obxecto de subvención e adxudicada ao proxecto presentado será aboada por resolución da Xerencia do IGAEM, de acordo coas súas posibilidades de liquidez, por pagamentos parciais con cargo ao ano correspondente, logo de xustificación de gastos a medida que se vaian desenvolvendo as actuacións programadas pola entidade beneficiaria, e ata un importe máximo do 70% da axuda concedida; condicionándose en todo caso estes anticipos á achega e pertinente comprobación por parte deste instituto da documentación que xustifique a efectiva aplicación da suma librada á actuación obxecto de subvención.

4ª Criterios de valoración e baremación:

A-Representatividade da entidade (30 puntos).

B-Interese xeral da programación de actividades proposta (50 puntos).

C-Actividade desenvolvida pola entidade nos tres anos anteriores (20 puntos).

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade de axudas:

-Memoria de actividades dos últimos tres anos (2004/2006).

-Proxecto de programación para o presente exercicio.

-Memoria da entidade.

-Orzamento.

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

6ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

-Catro técnicos/as integrantes do cadro de persoal do IGAEM.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta das presentes bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración nesta modalidade son os que seguen:

-Prazo de xustificación: ata do día 30 de novembro de 2007, como data límite.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Memoria detallada da actividade realizada, incluíndo: descrición xeral da actividade realizada e principais incidencias.

-Balance de ingresos e gastos.

-Relación completa da totalidade dos gastos realizados, polo importe total do gasto. Esta relación completárase xunto cos xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos realizados e imputados efectivamente á subvención.

-Dous exemplares dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, DVD e similares) empregados para a difusión e promoción da produción do conxunto de actividades obxecto de axuda. Deberase tamén entregar ao IGAEM unha copia en PDF, ou en formato semellante, dos indicados soportes, para os únicos efectos de arquivo e documentación e coa única finalidade de comprobar a realización da actividade subvencionada.

-Relación de axudas e subvencións concedidas para o mesmo obxecto por outras administracións públicas ou institucións privadas, ou os seus organismos/entidades vinculadas ou dependentes.

9ª Custos ou gastos subvencionados:

Custos relativos ao funcionamento e programación de actividades con data comprendida entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2007, incluíndose entre eles:

-Gastos de persoal.

-Gastos correntes e de desenvolvemento das actividades.

-Gastos de promoción e publicidade.

-Gastos de material de edición e difusión.

-Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% dos custos totais).

-Axudas de custo e outras indemnizacións (ata un máximo do 5% dos custos totais).

Non se terán en conta aqueles gastos relativos a actividades de formación de desempregados ou ocupados, nin relacionados coa celebración de feiras ou festivais.

10ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

-Comunicar calquera modificación que se produza no proxecto de actividades ou na programación presentada para tal evento, con carácter previo, en todo caso, á súa realización.

Capítulo X

Axudas ao estudo e á investigación

1ª Finalidade da concesión:

Fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada das persoas vinculadas á actividade da creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos de teatro, danza e música, así como promover a práctica profesional e a actividade investigadora.

2ª Beneficiarios e requisitos:

a) Beneficiarios: persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, vinculadas ao teatro, á danza ou á música. No caso dos proxectos de investigación e das residencias de danza, a solicitude poderase presentar no nome dun grupo de traballo (a solicitude por un grupo de traballo non supón modificación ou alteración de ningún tipo dos importes máximos da axuda). No caso das axudas a residencias de danza -modalidade F.4.-, os solicitantes estarán exentos do cumprimento do requisito de residencia ou lugar de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quedarán excluídos do ámbito subxectivo desta modalidade o persoal funcionario e laboral da Administración autonómica de Galicia.

b) Requisitos:

No caso das axudas ao estudo -modalidade F.1.-, traballar ao longo do ano anterior ao momento da solicitude un mínimo de 4 meses por conta propia ou por conta allea, en actividades relacionadas coa creación, produción, distribución ou exhibición de espectáculos de teatro, danza e música. Este requisito entenderase cumprido cando o solicitante acredite polo menos 20 días de alta no réxime especial de artistas distribuídos ao longo dun mínimo de 4 meses no ano inmediatamente anterior ao momento de presentación da solicitude.

No caso das axudas á investigación -modalidade F.2.-, estar en posesión do título de diplomado ou

licenciado universitario, ou titulación media ou superior equivalente.

3ª Importes e límites das axudas:

a) Axudas ao estudo -modalidade F.1.-:

-Asistencia a cursos especializados, congresos, xornadas e outras actividades formativas fóra da Comunidade Autónoma de Galicia: ata 3.000 € como máximo, por axuda, co límite do 75% dos gastos acreditados.

-Poderán ser valoradas, de forma excepcional, solicitudes de axudas para a realización de actividades formativas dentro da Comunidade Autónoma galega se se considerasen do máximo interese.

-Quedarán excluídas en calquera caso do ámbito obxectivo da presente modalidade de axudas os estudos de carácter regrado.

b) Axudas á investigación -modalidade F.2.-:

Concesión de tres bolsas de investigación, cun importe unitario máximo de 6.000 €, nos seguintes tres ámbitos temáticos:

-Análise comparada sobre política cultural no ámbito das artes escénicas no conxunto do Estado.

-Catalogación de fondos musicais das catedrais de Galicia.

-Estrutura do mercado discográfico da área da lusofonía.

c) Axudas á práctica profesional -modalidade F.3.-:

Concesión de dúas bolsas de práctica profesional, cun importe unitario máximo de 8.400 €, en mensualidades de 700 €, nos seguintes dous ámbitos temáticos:

-Promoción exterior e internacionalización.

-Márketing das artes escénicas e musicais.

d) Residencias de danza -modalidade F.4.-:

Bolsas para o desenvolvemento de proxectos de formación, creación ou investigación no Centro Coreográfico Galego por parte de profesionais da danza. Os proxectos terán unha duración de cinco semanas e desenvolveranse ao longo dos meses de maio, xuño, setembro, outubro e novembro (ata 3.000 €, como máximo, por bolsa).

e) Forma de pagamento: a cantidade obxecto de subvención e adxudicada ao proxecto presentado será aboada por resolución da Xerencia do IGAEM, de acordo coas súas posibilidades de liquidez. Porén, poderase anticipar o pagamento de ata un 50%, como máximo, do importe total da axuda, logo de solicitude expresa do beneficiario e presentación de certificación do inicio dos traballos preparatorios ou tarefas de formación ou investigación obxecto de axuda; condicionando este anticipo á achega e pertinente comprobación por parte deste instituto da documentación que xustifique o efectivo desenvolvemento das tarefas obxecto da subvención.

Na modalidade F.3. os pagamentos realizaranse preferentemente a mensualidades vencidas, logo da certificación expedida polo responsable titorial do cumprimento dos labores encomendados.

4ª Criterios de valoración e baremación:

a) Para a modalidade F.1. (axudas ao estudo):

-Interese técnico e artístico da acción formativa, así como importancia do centro formativo: 40 puntos.

-Vinculación formativa ou profesional do solicitante co teatro, a danza ou a música: 40 puntos.

-Custo da actividade obxecto da axuda: 20 puntos.

b) Para a modalidade F.2. (axudas á investigación):

-Calidade do proxecto de investigación. Aval dalgunha entidade investigadora ou titor de recoñecido prestixio no eido escénico e/ou musical: 50 puntos.

-Traxectoria formativa, profesional e investigadora da persoa solicitante: 50 puntos.

c) Para a modalidade F.3. (axudas á práctica profesional):

-Currículo do solicitante: 100 puntos.

d) Para a modalidade F.4. (residencias de danza):

-Calidade do proxecto de formación, creación ou investigación: 40 puntos.

-Traxectoria formativa, profesional e investigadora da persoa solicitante: 40 puntos.

-Innovación creativa, colaboración con artistas doutros territorios, interacción con outras manifestacións artísticas e propostas de accións educativas de impacto no territorio: 20 puntos.

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade de axudas:

a) Para a modalidade F.1. (axudas ao estudo):

-Memoria explicativa do contido dos estudos que se van realizar en que se determinen os obxectivos e o seu desenvolvemento cronolóxico.

-Currículo do solicitante, con indicación dos estudos realizados, actividades profesionais desempeñadas relacionadas cos eidos do teatro, da música e da danza e, en xeral, canta documentación considere representativa da súa formación.

-Lugar, datas e duración da actividade formativa.

-Orzamento completo dos gastos que se van realizar.

-Certificado de vida laboral.

b) Para a modalidade F.2. (axudas á investigación):

-Memoria explicativa do proxecto de investigación en que se determine a finalidade, obxectivos, contidos, actividades que comprende, metodoloxía que se seguirá e cronograma.

-Orzamento.

-Currículo do solicitante e, de ser o caso, dos membros do grupo de investigación.

-No caso de que o traballo estivese avalado por unha entidade investigadora ou titor de recoñecido prestixio profesional, certificación expedida para o efecto e acreditativa do dito aval.

c) Para a modalidade F.3. (axudas á práctica profesional):

-Currículo do solicitante, con indicación dos estudos realizados, actividades profesionais desempeñadas e, en xeral, canta documentación considere representativa e/ou acreditativa da súa formación.

-Certificado de vida laboral.

d) Para a modalidade F.4. (residencias de danza):

-Memoria explicativa do proxecto de formación, creación ou investigación en que se determine a finalidade, obxectivos, contidos, actividades que comprende, metodoloxía de traballo, accións de impacto no territorio, cronograma de traballo e sistema de avaliación.

-Currículo do solicitante, con indicación dos estudos realizados, actividades profesionais desempeñadas e, en xeral, canta documentación considere representativa e/ou acreditativa da súa formación.

Respecto da documentación xeral prevista na cláusula sexta das presentes bases, e en atención á natureza das persoas que poden optar a este tipo de axudas, deberán presentar unicamente a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI, NIF ou pasaporte do solicitante e, de ser o caso, das persoas integrantes do grupo de investigación.

-Folla de transferencia bancaria. No caso de que se trate dun grupo de investigación, deberase presentar unha por cada membro do equipo.

-Declaración das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Certificación de empadramento ou documentación xustificativa do lugar de traballo na Comunidade Autónoma galega.

Cando a documentación anteriormente requirida xa estivese en poder do IGAEM, o solicitante quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o solicite expresamente e se certifique que non sufriu variación ningunha, especificando e comunicándolle ao órgano xestor o expediente de axudas ou subvencións en que se atopase.

6ª Vogais da comisión de valoración encargada da avaliación destes proxectos:

-Catro técnicos/as integrantes do cadro de persoal do IGAEM.

A comisión de valoración poderá solicitar informe previo, non vinculante, de expertos externos, cando a natureza das solicitudes así o exixa.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das axudas concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta das presentes bases, en relación co prazo de iniciación

do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, o prazo de xustificación das axudas que se deberán ter en consideración nesta modalidade son os que seguen:

-Un mes inmediatamente posterior á finalización da actividade obxecto da subvención e, en todo caso, antes do 30 de xuño de 2008.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

a) Para a modalidade F.1. (axudas ao estudo):

-Memoria detallada da actividade realizada, incluíndo nela unha descrición xeral e as súas principais incidencias.

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos realizados e imputados á axuda. Unicamente se aceptarán os gastos realizados efectivamente entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 30 de xuño de 2008.

-Documento acreditativo da realización con aproveitamento e remate da actividade formativa obxecto da axuda.

b) Para a modalidade F.2. (axudas á investigación):

-Memoria detallada da actividade realizada, incluíndo nela unha descrición xeral e as súas principais incidencias.

-Copia do traballo resultante da investigación, conforme as directrices establecidas polo IGAEM no momento da concesión da subvención.

c) Para as modalidades F.3. e F.4. (axudas á práctica profesional e residencias de danza):

-Memoria detallada da actividade realizada, incluíndo nela unha descrición xeral e as súas principais incidencias.

-Certificación expedida polo titor responsable da realización das actividades obxecto da bolsa.

9ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

a) Para a modalidade F.2. (axudas á investigación):

-Cesión dos dereitos de uso e publicación por un período de dous anos, contados dende a entrega definitiva dos traballos obxecto de axuda, co obxecto ou fin social básico de realizar unha actividade de socialización -calquera edición posterior deberá facer constar que o traballo foi beneficiario dunha axuda por parte do IGAEM-.

-Cingirse ás directrices de entrega dos traballos indicados desde este instituto no momento da súa concesión.

-Presentar un informe intermedio do estado da investigación dentro dos seis primeiros meses desde a data de concesión da axuda.

b) Para as modalidades F.3. e F.4. (axudas á práctica profesional e residencias de danza):

-Desenvolvemento das tarefas asignadas ou do proxecto aprobado conforme as directrices, orien-

tacións e dirección que estableza o titor que se asigne.

-Cumprimento da dedicación horaria que se establece, co límite da vixente para o persoal que presta servizos no Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais.

-Participación nun mínimo de catro actividades formativas ou de divulgación que se programen directamente polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Xerencia do IGAEM e, por delegación desta, os servizos e unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo, poderán comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que derivasen das presentes bases. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan na presente resolución e na de adxudicación da axuda.

Poderanse utilizar cantos medios estean á disposición tanto da xerencia deste instituto como do seu Departamento de Xestión Económico-Administrativa, co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

Segunda.-A Xerencia do IGAEM e, por delegación, os servizos e unidades administrativas deste organismo, poderán requirir en todo momento -como actuacións encamiñadas á comprobación da veracidade dos datos aducidos-, a presentación da documentación orixinal e complementaria que se considere necesaria, para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda recollidos nesta convocatoria, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa conste en poder da Administración actuante, sempre e cando non transcorresen máis de cinco anos desde o remate do procedemento a que corresponda e non sufrise modificación ningunha desde a súa presentación. Neste mesmo sentido, a presentación da instancia polo solicitante ou solicitantes beneficiarios implicará a autorización a este organismo para proceder á comprobación e seguinte verificación destes datos ante os servizos tributarios correspondentes, e a solicitar o certificado que emitirá a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Terceira.-Cando nas axudas á modalidade «A» a solicitude sexa presentada por unha unión temporal de empresas (UTE), o requisito de domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia con-

siderarase cumprido cando unha das empresas integradas nela o cumpra. Neste caso, a subvención concedida poderá ser executada pola empresa con domicilio ou sede social na comunidade autónoma ou pola propia UTE, mentres que o restante importe dos gastos imputables ao proxecto poderá ser executado, ben por calquera das empresas integrantes da unión temporal de empresas, ben por esta mesma. En todo caso, polo menos un 70% do importe da subvención deberá corresponder a gastos efectuados na comunidade autónoma.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Normativa de aplicación.

As bases reguladoras das axudas recollidas nesta convocatoria axustaranse e rexeranse, con carácter xeral, polo disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia; e, con carácter supletorio, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

Segunda.-Posibilidade de recurso.

A presente resolución é definitiva na vía administrativa, consonte co artigo 4.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia, e contra ela cabe interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á data da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, esta resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes desde a publicación da resolución no DOG, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2006.

Miguel A. Martín Fernández
Xerente do Instituto Galego das Artes
Escénicas e Musicais

ANEXO I
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

SOLICITANTE	
APELIDOS E NOME	CARGO
NIF	

ENTIDADE	
NOME OU RAZÓN SOCIAL	EPIGRAFE/SUBEPIGRAFE
CIF	DATA DE ALTA NO IAE
ENDEREZO FISCAL	
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO
TELÉFONO	FAX
	PROVINCIA
	CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITUDE

NOME DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN:

IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

MODALIDADE DE AXUDA SOLICITADA:

☐ A. AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA

☐ A.1.a. Axudas anuais á nova creación.☐ A.1.b. Axudas bianuais á nova creación.☐ A.2.a. Axudas anuais á actividade escénica no ámbito do teatro.☐ A.2.b. Axudas bianuais á actividade escénica no ámbito do teatro.☐ A.3.a. Axudas anuais á actividade escénica no ámbito da danza.☐ A.3.b. Axudas bianuais á actividade escénica no ámbito da danza.

☐ B. AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN EXTERIOR

☐ B.1. Axudas á distribución exterior de artes escénicas.☐ B.2. Axudas para a asistencia a feiras e plataformas de exhibición.☐ B.3. Axudas á promoción e difusión.

☐ C. AXUDAS ÁS DOTACIÓNS DA RGTA

☐ D. AXUDAS Á SALAS DE TEATRO PRIVADAS

☐ E. AXUDAS PARA O ASOCIACIONISMO PROFESIONAL

☐ F. AXUDAS AO ESTUDO E FORMACIÓN, E Á INVESTIGACIÓN

☐ F.1. Axudas á formación.☐ F.2. Axudas á investigación.☐ F.3. Axudas á práctica profesional.☐ F.4. Residencias de danza.

☐ D./Dona _____, con DNI _____, en representación da entidade _____.

AUTORIZA:

O Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) a que, nos mesmos termos establecidos no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 18 do Decreto autonómico 287/2000, do 21 de novembro, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78.4º C) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo), en relación co cumprimento das obrigas tributarias estatais, sociais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

(Sinatura do solicitante) _____ de _____ de 2007.

XERENTE DO INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

ANEXO II
DECLARACIÓNS XURADAS

SOLICITANTE	
APELIDOS E NOME	NIF
EN REPRESENTACIÓN DE (NOME OU RAZÓN SOCIAL):	
NOME DO PROXECTO PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:	

DECLARA:

1. Que todos os datos que figuran na solicitude que se xunta a esta declaración e nos documentos que xuntan a ela son certos.

2. Que o solicitante non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nin tampouco esta afectado por ningunha das circunstancias ou incompatibilidades que impiden a súa concorrencia á convocatoria destas axudas durante o 2007, contidas na Resolución do 15 de decembro de 2006 (DOG n.º _____ de _____ de 2007), reguladora das axudas do IGAEM ao sector escénico e musical para 2007.

3. Que para a mesma actividade para que solicita axuda ao IGAEM declara que, para os efectos do previsto no punto 4º cláusula 6ª da Resolución do 14 de decembro de 2006 (indicar o que corresponda):

☐ Non se solicitou nin recibiu ningunha outra axuda doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas.☐ Si se solicitou axuda a outras administracións ou entidades, públicas ou privadas, vinculadas ou dependentes, polas contías que se indican, resultando concedidas as cantidades seguintes (deixar en branco o recadro "contía concedida" no suposto de non coñecerse este último dato no momento de cubrir a presente declaración):

ENTIDADE/ADMINISTRACIÓN	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA

OUTRAS AXUDAS (deberá cubrirse este cadro no caso de resposta afirmativa):

4. Que se compromete a comunicarlle ao IGAEM calquera das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiario e, se é o caso, a obtención de subvencións, axudas e recursos polos que se financian as actividades obxecto da subvención, e que se somete expresamente ás actuacións de supervisión e control financeiro previstas na cláusula décimo segunda punto 1.4º das presentes bases.

E para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración en _____ de _____ de 2007.

Asdo.: _____

ANEXO VIII
PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

ENTIDADE SOLICITANTE
PORCENTAXE MÍNIMA DE SUBVENCIÓN SOLICITADA:

I. ORZAMENTO DE PRODUCCIÓN
A. ESTIMACIÓN DOS GASTOS (contabilizados ata os tres meses inmediatamente seguintes á data da estrea do espectáculo):

1. GASTOS DE PERSOAL
Dirección (salario)
Axudante de dirección (salario)
Actores, bailaríns, músicos (salario)
Outro persoal
Cotizacións sociais
TOTAL
2. OUTROS GASTOS DE PRODUCCIÓN
Deseño e realización da escenografía
Deseño e realización do vestuario
Composición musical
Realización do afrezo
Deseño e realización da iluminación
Aluguer de locais
Outros (especificar)
TOTAL
3. PROMOCIÓN E PUBLICIDADE
Deseño e edición de soportes gráficos e audiovisuais
Outros gastos de promoción e publicidade
TOTAL
4. DEREITOS DE AUTOR
5. AXUDAS DE CUSTO E OUTRAS INDEMNIZACIÓNS DE CUSTO (máximo 5%)
6. GASTOS XERAIS DE MANTENIMENTO E XESTIÓN (máximo 7%)
7. GASTOS FINANCIEROS
8. OUTROS GASTOS (detallar)
TOTAL GASTOS

B. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS (contabilizados ata os tres meses seguintes á data da estrea)

1. RECURSOS PROPIOS
2. INGRESOS POR VENDAS
3. PATROCINIOS E OUTRAS AXUDAS PRIVADAS
4. SUBVENCIÓN SOLICITADA AO IGAEM
5. OUTRAS SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS
6. OUTROS INGRESOS (detallar)
TOTAL INGRESOS
SALDO DE INGRESOS E GASTOS (INGRESOS – GASTOS)

ANO	ESPECTÁCULO E COMPAÑÍA	ANO	ESPECTÁCULO E COMPAÑÍA

(Sinatura do actor/manipulador/bailarín/músico)

C. RESTO DO ELENCO (cubrir un por cada membro do elenco)
NOME E APELIDOS

ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS EN QUE PARTICIPOU (con igual categoría):			
ANO	ESPECTÁCULO E COMPAÑÍA	ANO	ESPECTÁCULO E COMPAÑÍA

(Sinatura do membro do elenco)

de de 2007

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XI

FICHA DE DISTRIBUCIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE				
A. PROGRAMACIÓN DE DISTRIBUCIÓN (MODALIDADE B.1.):				
SALA E LOCALIDADE	DATA DE INICIO	DATA DE REMATE	NÚMERO DE FUNCIONS	FACTURACIÓN TOTAL
B. FEIRA OU PLATAFORMA DE EXHIBICIÓN MUSICAL (MODALIDADE B.2.):				
FEIRA OU CERTAME	DATA DE INICIO	DATA DE REMATE		
C. AVALIACIÓN ECONÓMICA				
CACHE DO ESPECTÁCULO (MODALIDADE B.1.)				
GASTOS DE MANTENZA				
GASTOS DE DESPRAZAMENTO				
GASTOS DE ALOXAMENTO				
DEREITOS DE ASISTENCIA (SÓ MODALIDADE B.2.)				
ALUGUER DE ESPAZOS DE EXHIBICIÓN (SÓ MODALIDADE B.2.)				
OUTROS GASTOS (SÓ MODALIDADE B.2.)				
TOTAL				
D. OBSERVACIÓNS:				

_____, de _____ de 2007

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XII

MEMORIA DE DO PROXECTO

ENTIDADE SOLICITANTE		
A. PROXECTO DE INVESTIMENTO:		% DE COFINANCIAMENTO MUNICIPAL:
ORZAMENTO TOTAL:		
B. PROGRAMACIÓN 2006		
B.1. PROGRAMACIÓNS DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS:		
PROGRAMACIÓN		Nº FUNCIONS
PROGRAMACIÓN XERAL		
REDEDANZA		
REDESONS		
MAXIA		
B.2. OUTRAS PROGRAMACIÓNS:		
COMPANÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIONS
(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)		
B.3. ORZAMENTO EXECUTADO EN PROGRAMACIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS NO TEATRO OU AUDITORIO DURANTE O EXERCICIO 2006:		
FONDOS PROPIOS	AXUDAS E SUBVENCIÓNS	TOTAL
C. DOTACIÓN DE PERSOAL E SERVIZOS PROFESIONAIS:		

_____, de _____ de 2007
(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XIII
MEMORIA DE ACTIVIDADES - 2006

ENTIDADE SOLICITANTE:

A. PRINCIPAIS LIÑAS DE PROGRAMACIÓN:

(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)

B. DETALLE DA PROGRAMACIÓN
B.1. TEATRO

COMPANÍA	Nº FUNCIONS	COMPANÍA	Nº FUNCIONS

B.2. DANZA

COMPANÍA	Nº FUNCIONS	COMPANÍA	Nº FUNCIONS

B.3. MÚSICA

COMPANÍA	Nº FUNCIONS	COMPANÍA	Nº FUNCIONS

C. OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS:

(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)

_____ de _____ de 2007

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XIV
PROXECTO DE PROGRAMACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE

A. PRINCIPAIS LIÑAS DE PROGRAMACIÓN:

--

(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)

B. DETALLE DA PROGRAMACIÓN

B.1. TEATRO

EN GALEGO		NOUTRAS LINGUAS	
COMPANÍA	Nº FUNCÍONS	COMPANÍA	Nº FUNCÍONS

B.2. DANZA

EN GALEGO (indicar, se procede)		NOUTRAS LINGUAS (indicar, se procede)	
COMPANÍA	Nº FUNCÍONS	COMPANÍA	Nº FUNCÍONS

B.3. MÚSICA

EN GALEGO		NOUTRAS LINGUAS	
COMPANÍA	Nº FUNCÍONS	COMPANÍA	Nº FUNCÍONS

C. ACTIVIDADES PARALELAS DE DIFUSIÓN E FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS:

--

(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)

D. CESÍONS DE INSTALACÍONS PARA ACTIVIDADES DE COMPANÍAS NON VINCULADAS:

(INDICAR DÍAS TOTAIS DE CESIÓN PARA CREACÍON/ENSAIOS XERAIS/OUTROS)

--

(por favor, continuar ao dorso, se é necesario)

(Sinatura e selo da entidade) _____ de _____ de 2007

ANEXO XV
MEMORIA DA SALA

ENTIDADE SOLICITANTE			
A. ANTIGÜIDADE DA EMPRESA: ANOS DE ANTIGÜIDADE DA SALA: DATA DE APERTURA AO PÚBLICO			
ANTECEDENTES (no caso de fusión, cambio de razón social ou outras incidencias de interese)			
B. PATRIMONIO E INVESTIMENTOS: CAPITAL SOCIAL DA EMPRESA: INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS REALIZADOS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS:			
C. ESTRUCTURA DO PESSOAL VINCULADA Á ACTIVIDADE DA SALA OU TEATRO:			
TRABALLADOR	CATEGORÍA LABORAL	RELACIÓN LABORAL (1)	DÍAS COTIZADOS (2)
(1) Indicar se é socio da empresa, contratado laboral, contrato mercantil ou fórmula alternativa. (2) Indicar o número de días de cotización laboral no último ano (2006).			
D. ESTRUCTURA DOS INGRESOS E GASTOS DURANTE OS ÚLTIMOS TRES EXERCICIOS:			
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	2004	2005	2006
INGRESOS POLA VENDA DE BILLETES			
ALUGUER DE INSTALACIÓNS			
AXUDAS E SUBVENCIÓNS			
OUTROS INGRESOS			
TOTAL INGRESOS			
TOTAL GASTOS			
E. COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL (importe das cotas empresariais á S.S. nos últimos 3 anos):			
	2004	2005	2006

de 2007

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO XVI
ORZAMENTO

ENTIDADE SOLICITANTE	
SUBVENCIÓN SOLICITADA	
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN	
A. ESTIMACIÓN DOS GASTOS:	
1. GASTOS DE PESSOAL	
Salarios	
Cotizacións sociais	
TOTAL	
2. GASTOS FIXOS DE FUNCIONAMENTO DA SALA:	
Aluguer de locais	
Subministracións	
Mantemento e reparacións	
Seguros	
Gastos de xestión	
Outros gastos de administración	
Varios (especificar)	
3. GASTOS VARIABLES DE PROGRAMACIÓN:	
Remuneración por espectáculos	
Gastos por servizos asociados á programación	
Promoción e publicidade	
Outros gastos de programación	
Varios (especificar)	
TOTAL:	
4. DEREITOS DE AUTOR	
5. INVESTIMENTOS (detallar)	
6. GASTOS FINANCEIROS	
7. OUTROS GASTOS (detallar)	
TOTAL GASTOS	
B. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS:	
1. RECURSOS PROPIOS	
2. INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	
3. PATROCINIOS E OUTRAS AXUDAS PRIVADAS	
4. SUBVENCIÓN SOLICITADA AO IGAEM	
5. OUTRAS SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS	
6. OUTROS INGRESOS (detallar)	
TOTAL INGRESOS	
SALDO DE INGRESOS E GASTOS (INGRESOS – GASTOS)	
de 2007	
(Sinatura e selo da entidade)	

ANEXO XVII
INFORME MENSUAL DE SEGUIMIENTO

[illegible]

_____, _____ de _____ de 2007
(Sinatura e selo da entidade)

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 9 de xaneiro de 2007 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Emigración.

De conformidade co establecido no artigo 27.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, reformada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas

e Xustiza, sita nos edificios administrativos de San Caetano, núm. 1, Santiago de Compostela, nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o cal foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.